

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 23 de outubro de 2006 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Política Lingüística, anunciada pola Orde do 31 de agosto de 2006.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Política Lingüística, anunciada pola Orde do 31 de agosto de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 179, do 15 de setembro), de conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral de Política Lingüística, anunciada pola Orde do 31 de agosto de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 179, do 15 de setembro).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, e seleccionar a funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e o disposto na base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, se é o caso, lle fosen concedidas a interesada. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iniciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como daquel en que obteña destino consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, a interesada poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2006.

P.E. (Orde do 29-3-2006)
Gumersindo Guinarte Cabada
Secretario xeral da Presidencia

ANEXO

Apelidos e nome: Ferreiro Novoa, Nita.

NRP: 3492755924 A2060.

Grupo: A.

Denominación do posto de traballo: xefa do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico.
Código: PR.601.00.001.15770.009.

Corpo ou escala: xeral.

Nivel: 28.

Dependencia: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de outubro de 2006 pola que se convoca concurso de traslados de ámbito nacional entre funcionarios do corpo de mestres.

De conformidade coa Orde do 6 de outubro de 2006 (BOE do 18 de outubro) pola que se establecen normas procedementais aplicables aos concursos de traslados de ámbito nacional dos funcionarios dos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se convoquen durante o curso 2006-2007 e existindo prazas vacantes nos centros docentes que se deben prover con funcionarios do corpo de mestres, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Convocatorias

Primeira.-Convocatoria para as funcionarias públicas docentes que foron vítimas de violencia de xénero, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Segunda.-Readscripción no propio centro. Convocatoria para que os mestres que cesaron como consecuencia da supresión ou modificación do posto de traballo que viñan desempeñando con carácter definitivo nun centro, os desprazados por falta de horario e os adscritos a un posto para o cal non están habilitados segundo o disposto nos artigos 6 e 17 do Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, poidan solicitar a adscripción a outro posto do mesmo centro.

Esta convocatoria faise extensiva aos mestres que no proceso de adscripción do ano 1996 quedaron adscritos con carácter forzoso nun posto de traballo dun IES en localidade distinta da de procedencia.

Teceira.-Dereito preferente a localidade ou zona educativa.

Convocatoria para que os mestres que se encontren nalgún dos supostos a que alude o artigo 18 do Real decreto 895/1989, modificado, nas súas disposicións derogatorias, polo Real decreto 2112/1998, poidan exercer o dereito a obter destino nunha localidade ou zona determinada. Poderán participar os mestres que no proceso de adscripción do ano 1996 obtiveron destino con carácter forzoso nun IES de localidade distinta á de procedencia e continúan adscritos nel. Este dereito exercerano exclusivamente á localidade que tiñan acreditada antes do proceso de adscripción.

Cuarta.-Convocatoria do concurso xeral previsto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Orde do 6 de outubro de 2006, pola que se establecen as normas procedementais aplicables aos concursos de traslados de ámbito nacional dos funcionarios dos corpos docentes.

I. Convocatoria primeira de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Convocatoria para que as mestras vítimas de violencia de xénero a que se refire a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medias de protección integral contra a violencia de xénero, poidan exercer o dereito a obter destino noutros centros da localidade en que presta servizo ou noutros centros doutras localidades que as interesadas expresamente soliciten.

Rexerase polas seguintes bases:

Primeira.-Participantes.

1. Terán dereito preferente, con ocasión de vacante, a obter destino noutro centro da localidade onde presta servizo ou noutros centros doutras localidades, as funcionarias de carreira do corpo de mestres que se encontren en situacións reguladas no artigo 20.1º letra i) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, na súa redacción dada pola disposición adicional novena da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

As mestras comprendidas nesta norma poderán exercer este dereito voluntariamente a outros centros da localidade en que presta servizo ou a outros centros doutra ou doutras localidades.

Aquelas participantes que, facendo uso desde dereito, aínda non obtivesen o seu primeiro destino definitivo no ámbito da Administración educativa pola que superaron o procedemento selectivo, non poderán obter un destino definitivo fóra do ámbito de xestión da dita Administración educativa.

No caso das participantes forzosas, nas peticións de dereito preferente, deberán consignar «D» de dereito, en lugar de consignar «C» de centro.

Así mesmo, estas participantes, caso de non obter ningún dos destinos solicitados en virtude deste dereito, deberán participar na convocatoria con carácter forzoso, para efectos de obter o seu primeiro destino definitivo, garantíndose en todo o proceso a confidencialidade de participante e adxudicación.

De acordo co preceptuado na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, estas participantes deberán incorporar á súa instancia copia da orde de protección a favor da vítima. Excepcionalmente, será título de acreditación desta situación, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

Antes da resolución do concurso reservaráselle centro e especialidade atendendo á orde de prelación sinalada polas participantes, tendo prioridade sobre o resto de dereitos preferentes regulados nesta convocatoria.

2. Será condición previa para exercer o dereito preferente:

a) Que exista posto de traballo vacante no centro ou centros que se trate, sempre que estivese lexitimada para o seu desempeño.

Segunda.-Prioridades.

Cando existan varias mestras que exerzan este dereito, a prioridade entre elas determinarase pola maior puntuación derivada da aplicación do baremo.

Terceira.-Solicitudes.

O dereito preferente debe exercerse a centro ou centros da localidade onde presta servizo e, se é o caso, a outro centro ou centros doutra ou outras localidades, por todas as especialidades para que estea habilitada, para estes efectos deberán cubrir o espazo correspondente da instancia que será facilitada aos interesados polas administracións.

Nela deberán consignar, no lugar correspondente, o código de centro ou centros. Así mesmo consignarán, por orde de preferencia, todas as especialidades para que estean habilitadas.

Para a obtención de centro concreto deberán relacionar, segundo as súas preferencias, no lugar sinalado para o efecto na instancia, os centros da localidade ou localidades dos relacionados do anexo II.

II. Convocatoria segunda de readscripción en centro.

Convocatoria para que os mestres que cesaron como consecuencia da supresión ou modificación do posto de traballo que viñan desempeñando con carácter definitivo nun centro, os desprazados por falta de horario, os adscritos a un posto para que non están habilitados, segundo o previsto nos artigos 6 e 17 do Real decreto 895/1989; os que como consecuencia da adscripción do ano 1996 quedaron adscritos con carácter forzoso a un IES de localidade distinta á de procedencia, poidan solicitar a adscripción a outro posto do mesmo centro. Igualmente poderán participar nesta convocatoria os

mestres de educación infantil de centros transformados en institutos de educación secundaria ou centros de educación permanente de adultos, desde o centro ó que maioritariamente foron trasladados os alumnos.

Rexeráse polas seguintes bases:

Primeira.-Participantes.

Poden participar nesta convocatoria, tanto a vacantes como a posibles resultas, os funcionarios de carreira do corpo de mestres que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

1. Os que perderon o posto de traballo que viñan desempeñando con carácter definitivo ben por supresión ben por transformación deste.

Os que en virtude da rede de centros de 1998 estando adscritos a postos de educación infantil perderon o seu posto por transformación do centro en institutos de educación secundaria ou centros de educación permanente de adultos, participarán desde o centro en que foron escolarizados os alumnos. Cando os centros receptores foron máis de un, optarán exclusivamente por un deles.

Os que como consecuencia do proceso de adscrición do ano 1996 quedaron adscritos con carácter forzoso a un IES de localidade distinta á de procedencia.

Os que no curso académico 2006/2007 estean desprazados no seu centro de destino por falta de horario.

2. Os que en virtude da adscrición convocada pola Orde do 22 de maio de 1990, DOG do 7 de xullo, na Orde do 9 de xullo de 1991, DOG do 14 de agosto e, se é o caso, Orde do 30 de marzo de 1992, DOG do 21 de abril, obtiveron un posto para o cal non están habilitados conforme exixen os artigos 6 e 17 do Real decreto 895/1989, modificado polo Real decreto 2112/1998.

Os que en virtude do traslado de ensinanza resultaron destinados ao centro receptor delas.

Segunda.-Prioridades.

1. Terán prioridade na obtención de destino os que se encontren en calquera dos supostos 1 e 2 relacionados na norma primeira, conxuntamente considerados.

2. Cando existan varios mestres dentro dun mesmo suposto, a prioridade entre eles determinarase pola maior antigüidade como definitivo no centro. Para estes efectos computarase como antigüidade no centro tamén o tempo de permanencia en comisión de servizos, servizos especiais e outras situacións administrativas que non supuxesen perda do destino definitivo.

Os mestres que teñan o destino nun centro por desagregación ou traslado total ou parcial doutro ou transformación, contarán, para efectos de antigüidade como propietarios definitivos neste a referida ao seu centro de orixe. Igual tratamento darase aos mestres a que lle foi suprimido o seu destino inmediatamente anterior. Para o caso de mestres afectados por supresións consecutivas de postos de traballo, esa acumulación comprenderá os servizos prestados con carácter definitivo nos centros que sucesivamente lle foron suprimidos. Computarase en ambos os supostos como servizos definitivos o tempo de servizos provisionais seguintes á supresión.

3. No caso de igualdade na antigüidade no centro decidirá o maior número de anos de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo de mestres e, en último termo, a promoción de ingreso máis antiga e, dentro desta, a maior puntuación que virá dada polo número de lista xeral acreditado por cada concursante.

Terceira.-Solicitudes.

Os que desexen participar nesta convocatoria farano da maneira establecida nas normas comúns ás convocatorias.

Poderán incluír nas súas peticións calquera posto do centro sendo imprescindible estar habilitado para o seu desempeño.

Á instancia xuntarase, ademais da documentación relacionada nas normas comúns as convocatorias.

-Copia do documento que acredita o cesamento en virtude de supresión ou modificación do posto de traballo.

-Copia da resolución de adscrición, anexo III da Orde do 22 de maio de 1990 e, se é o caso, do anexo VI da Orde do 9 de xullo de 1991 ou da orde do 30 de marzo de 1992.

III. Convocatoria terceira de dereito preferente a localidade ou zona educativa.

Convocatoria para que os mestres que se atopan nalgún dos supostos a que alude o artigo 18 do Real decreto 895/1989, modificado polo Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, poidan exercer o dereito a obter destino nunha localidade ou zona determinada.

Rexeráse polas seguintes bases.

Primeira.-Dereito preferente.

Terán dereito preferente, por unha soa vez e con ocasión de vacante, a obter destino nunha localidade determinada, os funcionarios de carreira do corpo de mestres que se atopan nalgún dos supostos que a seguir se indican:

a) Os que, en virtude de resolución administrativa firme, teñan recoñecido o dereito a obter destino nunha localidade ou recuperalo onde antes o desempeñaban.

b) Os mestres a quen se lles suprimiu o posto de traballo que desempeñaban con carácter definitivo na mesma localidade, así como os mestres que no curso académico 2006-2007 estean desprazados do seu centro por falta de horario. Entre os casos de supresión comprenderase o de transformación do posto de traballo cando o titular non reúna os requisitos específicos exixidos nos artigos 6 e 17 do Real decreto 895/1989, para o desempeño del. Quedan incluídos neste punto os mestres que, como consecuencia da adscrición do ano 1996, quedaron adscritos con carácter forzoso a un IES de localidade distinta á de procedencia. Este dereito exercerano exclusivamente á localidade que teñan acreditada con anterioridade ao proceso de adscrición.

Os mestres con perda de destino, como consecuencia de permaneceren máis dun ano na situación de excedencia por coidado de fillos, exercerán este dereito á localidade do centro en que perderon o posto.

Os mestres adscritos a postos para os cales non están habilitados, exercerán este dereito á localidade en que prestan os seus servizos.

c) Os mestres de centros públicos españois no estranxeiro que cesaron nestes polo transcurso do tempo para o cal foron adscritos e a quen o Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, reconece o dereito a ocupar, ao seu retorno a España, un posto de traballo na localidade en que tivesen o seu destino definitivo no momento de producirse o seu nomeamento.

d) Os mestres que, transcorridos os períodos de tres ou seis anos de adscrición á función de inspección educativa, deban incorporarse ao posto correspondente do seu corpo, e aos que a Lei 23/1988, do 28 de xullo, reconece dereito preferente á localidade do seu último destino definitivo como docente.

Os mestres que estean recollidos en calquera destas normas deberán exercer este dereito na localidade de que dimana o dereito e poderán exercelo, igualmente, en calquera localidade do ámbito da zona, debendo ter en conta que os adscritos forzosos a un IES, soamente poderán exercelo á localidade do destino que tiñan adxudicado antes do proceso de adscrición de 1996.

Quedan excluídos da participación nesta convocatoria aqueles mestres que con posterioridade á perda do posto de traballo ou ás adscricións de 1990 e 1996 obtiveron outro destino definitivo por calquera dos sistemas de provisión establecidos.

Previamente á resolución do concurso reservaráselles localidade e especialidade tendo en conta a orde de prelación sinalada polos participantes. Para a adxudicación de centro concreto estarán en pé de igualdade co resto de participantes do concurso de ámbito nacional.

Segunda.-Condicións para exercer o dereito preferente.

Serán condicións previas, en todos os supostos anteriores, para exercer o dereito preferente:

a) Que o dereito a destino na localidade ou zona se fundamente en nomeamento realizado directamente para esta, mediante procedemento ordinario de provisión.

b) Que exista posto de traballo vacante ou resulta nas localidades da zona de que se trate, sempre que se estivese lexitimado para o seu desempeño.

Terceira.-Condicións para non decaer no dereito preferente.

Os mestres a que se se refire a norma primeira da presente base, se desexan facer uso deste dereito preferente, e ata que o alcancen, deberán acudir a todas as convocatorias que, para estes efectos, realicen as administracións públicas, pois, en caso contrario, considéranse decaídos no seu dereito. Todo isto sen prexuízo do que, en relación a estes mestres, se dispón no Real decreto 895/1989.

Cuarta.-Localidade ou zona a que se exerce o dereito preferente.

Os funcionarios do corpo de mestres que estean en situación de suprimidos ou desprazados por falta de horario exercerán este dereito con carácter forzoso á

localidade en que estaba o seu centro de destino, no suposto de que exista outro ou outros centros nesta localidade, de non ser así, participará á localidade en que ten recoñecido o dereito preferente como consecuencia da escolarización dos alumnos, Orde do 23 de xullo de 1991. Pode participar con carácter voluntario a unha ou a todas as localidades da zona do seu ámbito, podendo, neste suposto, priorizar na epígrafe de peticións estas localidades sobre a que lle acredita o dereito.

Quinta.-Imposibilidade de desprazamento forzoso fóra da zona educativa.

1. Os funcionarios dos corpos de mestres en situación de suprimidos ou desprazados por falta de horario, mentres cumplan coa obriga de participar no concurso de traslados e non transcorran seis convocatorias, contado desde a convocatoria do 4 de novembro de 2003 (DOG do 13 de novembro), non poderán ser desprazados obrigatoriamente da zona educativa en que se encontraba o centro onde tiñan destino definitivo.

2. Os funcionarios do corpo de mestres en situación de suprimidos ou desprazados por falta de horario que cumplan coa obriga de participar no concurso de traslados e exerzan o dereito preferente á localidade ou zona educativa en que se encontraba o seu centro, non serán destinados de oficio, podendo permanecer nesta situación indefinidamente.

O funcionariado docente desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados, exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde o que se produciu.

Sexta.-Dereito preferente dos mal adscritos.

Os mestres que aínda permanezan en postos para os cales non contén coa preceptiva habilitación, de conformidade coa disposición adicional décima do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, (BOE do 6 de outubro), terán dereito preferente a obter destino na localidade ou zona a que pertence o centro de que son definitivos, sendo incluídos dentro das preferencias establecidas no artigo 18 do Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, no grupo B) daquel precepto. Tal dereito exercerano con suxeición ao que se establece nas normas primeira, segunda e terceira desta convocatoria.

En todo caso, deberán exercer este dereito na localidade onde radique o centro en que son definitivos, podendo estender a súa petición a calquera outra ou outras localidades da zona.

Os mestres que fagan uso deste dereito preferente deberán aterse, ao cubrir a súa solicitude, ao previsto na norma oitava desta convocatoria, e a prioridade para facelo efectivo virá dada polo disposto na norma sétima, que a seguir se establece, sendo a puntuación aplicable, segundo baremo, aquela que corresponde á súa condición de propietario definitivo do destino desde o cal participa nesta convocatoria.

Sétima.-Prioridades no dereito preferente.

1. A prioridade para facer efectivo o dereito preferente a unha localidade ou zona determinada virá dada polo suposto en que se atopen comprendidos, segundo a orde de prelación en que vai relacionado na norma primeira, da base II desta convocatoria.

2. Cando existan varios mestres dentro dun mesmo grupo, a prioridade entre eles determinarase pola maior puntuación derivada da aplicación do baremo.

3. Obtida localidade e especialidade como consecuencia do exercicio do dereito preferente, o destino en centro concreto alcanzaran en concorrencia cos participantes no concurso de ámbito nacional previsto no artigo 1 da Lei 24/1994, convocatoria que se anuncia co número IV da presente orde, determinándose a súa prioridade de acordo co baremo establecido.

Oitava.-Solicitudes.

Os que desexen facer uso do dereito preferente a unha localidade ou zona farano segundo o establecido nas normas comúns ás convocatorias.

Nela terán que consignar, no lugar correspondente segundo as instrucións que se xuntan a esta, a localidade ou zona en que solicitan exercer o dereito. Así mesmo, consignarán, por orde de preferencia, todas as especialidades para as cales están habilitados. Esta preferencia será tida en conta para efectos de reserva de localidade e especialidade.

Para a obtención de centro concreto deberán relacionar, segundo as súas preferencias, no lugar sinalado para o efecto na instancia, todos os centros da localidade se exercen este dereito na propia localidade. Se exercen voluntariamente dereito preferente á zona deberán consignar na instancia exclusivamente códigos de localidades en que pretenden obter destino, podendo ser destinado a calquera centro. De non facelo así, e neste suposto concreto e co obxecto de facilitar a recolocación dos suprimidos, o concursante que non o faga será requirido pola Administración para emendar o erro cometido.

Á instancia xuntarase, ademais da documentación relacionada nas normas comúns ás convocatorias:

Copia do documento que acredite a lexitimación para o exercicio do dereito preferente a unha localidade ou zona determinada.

IV. Convocatoria cuarta de concurso de traslados xeral.

Convocatoria do concurso de ámbito nacional previsto no punto 3 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Rexerase polas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

O concurso consistirá na provisión de postos de traballo, por centros e especialidades, dos previstos no artigo 8 do Real decreto 895/1989 e, se é o caso, cos requisitos lingüísticos que sexan exixibles.

Na resolución de adxudicación indícarase a localidade a que corresponden os ditos postos.

Segunda.-Participación voluntaria.

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no

parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ao remate do presente curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao remate do presente curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se se tratase dos supostos de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar recollida nos puntos 2º e 3º do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega, só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorresen dous anos desde que pasaron a esta situación.

d) Os funcionarios que se atopen en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

1.2. Para os efectos previstos no punto 1 entenderase como data de finalización do curso académico a do 31 de agosto de 2007.

1.3. Os participantes a que se alude no número 1 desta base poderán igualmente incluír na súa solicitude prazas correspondentes ás convocatorias realizadas polas restantes administracións educativas nos termos establecidos nelas.

2. Funcionarios dependentes doutras administracións educativas.

Poderán solicitar prazas correspondentes a esta convocatoria os funcionarios dependentes doutras administracións educativas sempre que cumpran os requisitos e condicións que se establecen nesta orde. Estes funcionarios deberán ter obtido o seu primeiro destino definitivo no ámbito de xestión da Administración educativa a que se circunscribe a convocatoria pola que foron seleccionados, agás que nela non se establecese a exixencia deste requisito.

Estes concursantes deberán dirixir a súa instancia de participación ao órgano que se determine na convocatoria que realice a Administración educativa de que depende o seu centro de destino.

Os excedentes voluntarios deben reunir as condicións para reingresar ao servizo activo.

Terceira.-Participación obrigatoria.

1. Están obrigados a participar no concurso aqueles mestres que carezan de destino definitivo a consecuencia de:

3.1. Resolución firme de expediente disciplinario.

3.2. Cumprimento de sentenza ou resolución de recurso.

3.3. Supresión do posto de traballo que desempeñaban con carácter definitivo, ou desprazados por falta de horario

3.4. Reingreso con destino provisorio.

3.5. Excedencia forzosa.

3.6. Suspensión de funcións, unha vez cumprida a sanción.

3.7. Causas análogas que implicasen a perda do posto de traballo que desempeñaban con carácter definitivo.

2. Así mesmo están obrigados a participar neste concurso os provisorios que, estando en servizo activo, nunca obtiveron destino definitivo e os funcionarios en prácticas. Cando as correspondentes convocatorias dos procesos selectivos de ingreso e acceso así o tivesen establecido, os funcionarios de carreira que nunca obtiveron destino definitivo están obrigados a obter o seu primeiro destino definitivo no ámbito territorial polo cal accederon ao corpo. En consecuencia, non poderán solicitar destino en centros situados noutras comunidades autónomas.

Cuarta.-Excepción da obriga de concursar.

Quedan exceptuados da obriga de concursar os mestres desprazados por falta de horario cando no seu centro teña destino definitivo unha mestra ou mestre dunha especialidade para a cal o interesado está habilitado, nacida/o antes do 30 de setembro de 1946. Se existise máis dunha mestra ou mestre desprazada/o non está obrigado a concursar o que teña maior dereito, conforme os criterios establecidos no Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo cal se determinan os criterios da perda do destino polas funcionarias e funcionarios docentes.

Quinta.-A adxudicación de destino de oficio.

1. Os mestres comprendidos nos supostos a que fan referencia os números 3.1, 3.4 da norma terceira e aqueles a que alude o punto 2 da referida norma terceira, que non participen no concurso ou que non obteñan destino dos solicitados, serán destinados, de existir vacantes, a un posto da Comunidade Autónoma, sempre que cumpran os requisitos exixibles para o seu desempeño.

2. Os mestres con destino provisorio como consecuencia de cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, de supresión do posto de traballo do cal eran titulares, os desprazados por falta de horario ou do transcurso do tempo para o cal foran adscritos a postos de traballo docentes españois no estranxeiro ou á función de inspección educativa, de non participaren no concurso serán destinados libremente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na forma que se sinala na norma anterior.

3. En todo caso, non procederá a adxudicación de oficio conforme as normas anteriores, cando os mestres obtivesen destino en concursos ou procedementos de provisión a postos non comprendidos no ámbito do Real decreto 895/1989.

Sexta.-Declaración da situación de excedencia voluntaria.

1. Os procedentes da situación de excedencia forzosa, no caso de non participaren no concurso, serán declarados na situación de excedencia voluntaria prevista no número 2 do artigo 58 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

2. Os mestres en suspensión de funcións, unha vez cumprida a sanción, de non participaren no concurso serán declarados na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Sétima.-Dereito de concorrencia.

Enténdese por dereito de concorrencia a posibilidade de que varios mestres con destino definitivo condicionen a súa participación voluntaria no concurso á obtención de destino nun ou varios centros dunha provincia determinada.

Este dereito terá as seguintes peculiaridades:

-Os mestres incluírán nas súas peticións centros ou localidades dunha soa provincia, a mesma para cada grupo de concursantes.

-O número de mestres que poden solicitar como concorrentes será, como máximo, de catro, sendo preciso que cada un dos solicitantes presente instancia por separado.

-A adxudicación de destino a estes mestres realizarase entre os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión de acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro.

De non obter destino desta forma, consideraranse desestimadas as solicitudes de todos os mestres dun mesmo grupo de concorrentes.

Oitava.-Prioridade na adxudicación de destinos.

As prioridades virán dadas pola aplicación do baremo que se inclúe como anexo I á presente orde.

Novena.-Solicitudes.

Os que voluntaria ou obrigatoriamente participen no concurso, farano segundo o establecido nas normas comúns ás convocatorias.

Os mestres a que alude a norma quinta da base IV desta convocatoria incluírán, necesariamente, na súa petición de participación no concurso, no concepto global de provincias, a totalidade das que integran a Comunidade Autónoma. De non facelo así, serán destinados de oficio, segundo a orde alfabética, de existir vacante ou resulta para a cal estivesen habilitados, respectando, en todo caso, a provincia en que prestan servizos.

V. Normas comúns ás convocatorias.

Primeira.-Requisitos específicos para o desempeño de determinados postos

1. Ademais dos requisitos sinalados en cada unha das convocatorias, para poder solicitar postos de:

Educación infantil.

Idioma estranxeiro: inglés.

Idioma estranxeiro: francés.

Educación física.

Música.

Educación especial: pedagogía terapéutica.

Educación especial: audición e linguaxe.

Educación primaria.

Requírese acreditar estar en posesión dalgún dos requisitos específicos que, para o desempeño destes, sinala o artigo 17 do Real decreto 895/1989, modificado polo Real decreto 1664/1991 e o anexo III da Orde do 8 de maio de 1991, DOG do 24 no referente aos postos de traballo de educación musical e o anexo II da Orde do 15 de maio de 1996, entendéndose como habilitados en educación primaria a totalidade dos concursantes.

2. De conformidade co establecido na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as administracións educativas, de acordo coas necesidades derivadas da súa planificación educativa, determinarán as vacantes correspondentes ao primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria que quedan reservadas para a provisión por funcionarios pertencentes ao corpo de mestres que, adscritos con carácter definitivo estean exercendo docencia nos ditos cursos á entrada en vigor da citada lei, sempre que acrediten a habilitación correspondente de acordo coas seguintes equivalencias establecidas na Orde do 15 de maio de 1996.

Mestres con certificación de habilitación en:	Áreas do primeiro ciclo da ESO para as cales queda habilitado
Ciencias sociais	Ciencias sociais-xeografía e historia
Matemáticas e ciencias	Ciencias da natureza e matemáticas
Filoloxía: lingua castelá	Lingua castelá e literatura
Filoloxía: lingua galega	Lingua e literatura galega
Filoloxía lingua castelá e inglés	Lingua estranxeira: inglés
Filoloxía lingua castelá e francés	Lingua estranxeira: francés
Educación física	Educación física
Educación musical	Música

3. Sen prexuízo do anterior, todos os mestres especialistas de educación especial pedagogía terapéutica e audición e linguaxe poderán solicitar as plazas que se oferten nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados sen que se exixa o requisito de estar adscrito, con carácter definitivo, ao primeiro e segundo ciclo da ESO.

Segunda.-Requisito de acreditación do coñecemento da lingua galega.

1. Para poder optar a postos de traballo de educación infantil, educación primaria, ciencias sociais-xeografía e historia e da área de ciencias naturais e matemáticas do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, requírese, así mesmo, acreditar ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou estar en posesión dalgunha das súas validacións ou telo superado a través de probas libres. Para este únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no correspondente procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres.

2. Este requisito deberá posuírse e xustificarse, de non estar xustificado, no prazo de presentación de instancias, ou en último caso, no prazo de reclamacións e renuncias que se prevexa na resolución provisoria do concurso.

3. Os concursantes que obteñan neste concurso posto de traballo, agás nos contemplados no parágrafo anterior por telo xa como requisito, virán obrigados, no prazo de dous anos contados a partir do 1 de setembro de 2007 a superar, polo menos, o curso de perfeccionamento en lingua galega, agás que acrediten ter superado o dito curso ou estaren en posesión dalgunha das súas validacións ou homologacións.

Para tal fin xuntarán á súa solicitude a documentación acreditativa que se sinala.

Terceira.-Prioridades entre as convocatorias.

A orde en que van relacionadas as convocatorias implica unha prelación na adxudicación de vacantes e resultas en favor dos participantes en cada unha delas, de tal forma que non pode adxudicarse posto a un mestre que participe nunha das convocatorias se existe solicitante na anterior con dereito, sen prexuízo no que respecta á adxudicación de posto concreto aos que fagan efectivo o seu dereito preferente a unha localidade ou zona determinada, de ter en conta o que se dispón na norma oitava da base III da correspondente convocatoria. Igual criterio terase en conta para a prelación de convocatorias cando o concursante o faga por máis dunha.

Cuarta.-Compatibilidade de concorrencia a dúas ou máis convocatorias.

É compatible a concorrencia simultánea, de asistir dereito, a dúas ou máis convocatorias das recollidas nesta orde, utilizando unha única instancia. As peticións atenderanse coa prelación indicada na norma anterior e, unha vez obtido destino, non se terán en conta as restantes peticións.

Quinta.-Prioridades na adxudicación de vacantes e resultas en cada convocatoria.

Salvo no caso da convocatoria segunda (readscripción no centro) que se resolverá cos criterios que nela se especifican, a orde de prioridade para a adxudicación dos postos de traballo virá dada pola puntuación obtida segundo o baremo que figura no anexo I.

Aos participantes polas modalidades 3, 6 ou 10 do número 6, unha vez ordenados de maior a menor puntuación, adxudicaráselle, de existir vacante ou resulta, centro de entre os voluntariamente solicitados. De non obter destino dentro destas peticións, terase en conta a priorización de provincias e especialidades, de tal maneira que a adxudicación será segundo a orde en que van priorizadas as provincias. De non obter destino en ningunha das provincias pola primeira especialidade priorizada, pasará á segunda cos mesmos criterios, e así sucesivamente.

A adxudicación efectuarase de acordo coa orde en que están publicados no anexo II da presente orde as zonas, localidades e centros, é dicir, que á maior puntuación adxudicaráselle centro que conte

co número de orde máis baixo, respectando, en todo caso, a priorización de provincias e especialidades.

Terase en conta para a adxudicación de destino forzoso a orde en que figuran as habilitacións na correspondente certificación. De existir máis dunha certificación, terase en conta a data de expedición da certificación, sempre e cando o concursante omita estes datos na epígrafe C da súa solicitude.

O destino que puiden corresponderlles aos funcionarios en prácticas estará condicionado á superación da fase de prácticas e ao nomeamento como funcionarios de carreira.

Igualmente, de omitir os códigos das provincias que conforman a Comunidade Autónoma de Galicia, consignarase de oficio en primeiro lugar aquela en que presta servizos, seguindo despois pola orde alfabética das restantes.

Sexta.-Cómputo dos servizos en postos de difícil desempeño.

O cómputo dos servizos prestados en centros ou postos singulares clasificados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente a que se refire a alínea b) do baremo, comenará a partir da publicación da clasificación como tales, Orde do 24 de outubro de 1990-DOG do 12 de novembro.

Sétima.-Cómputo dos servizos ao profesorado que perdeu o destino definitivo.

Para os fins de determinar os servizos a que se refiren as alíneas a) e b) do baremo, e unicamente para efectos do concurso de traslados, considerarase como centro desde o cal se participa, para aqueles que acoden sen destino definitivo como comprendidos nos supostos do artigo 11.4º do Real decreto 895/1989, o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisoriamente con posterioridade en calquera outro centro.

Os que participan desde a situación de provisoriedade por térselles suprimido a unidade ou posto escolar que viñan desempeñando con carácter definitivo, por resultaren desprazados por cumprimento de sentenza ou resolución de recurso ou por proceder de excedencia forzosa e os desprazados por falta de horario terán dereito, ademais, a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior. Para o caso de mestres afectados por supresións consecutivas de posto de traballo, esa acumulación comprenderá os servizos prestados con carácter definitivo nos centros que sucesivamente lle foron suprimidos.

No suposto de que o mestre afectado non tiver desempeñado outro destino definitivo terá dereito a que se lle acumule, para os efectos sinalados, a puntuación correspondente á alínea c) do baremo.

Oitava.-Cómputo dos servizos nos supostos de desagregación, traslado total ou parcial ou transformación.

Os mestres que teñen o destino definitivo nun centro por desagregación ou traslado total ou parcial doutro ou transformación, contarán, para os efectos de permanencia ininterrompida prevista na alínea a) do artigo 21 do Real decreto 895/1989, a referida ao seu centro de orixe.

Novena.-Opción dos que participan desde o primeiro destino definitivo.

Aqueles mestres que participan desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso ao cal tiveron que acudir obrigatoriamente desde a situación de provisorios de novo ingreso, poderán optar a que se lles aplique no lugar da alínea a) do baremo, a puntuación correspondente á alínea c) do mesmo, considerándose, neste caso, como provisorios todos os anos de servizo. De non facer constar este extremo no espazo que para tal fin figura na instancia de participación, considerarase que participan pola alínea que lle outorgue maior puntuación.

Para estes efectos considerarase que están no seu primeiro destino definitivo aqueles mestres que no momento de participación no proceso de adscrición regulado pola Orde do 15 de maio de 1996 estaban no seu primeiro destino definitivo aínda que no mesmo resultasen adscritos a outro centro.

Décima.-Cómputo dos servizos dos mestres que participan desde o seu primeiro destino posterior a unha supresión do posto.

Os mestres que acudan á presente convocatoria desde o primeiro destino definitivo obtido ao cal tiveron que acudir por térselles suprimido o posto do que eran titulares, terán dereito a que se lles consideren, unicamente para efectos de concurso, como prestados no centro desde o cal concursan os servizos que acrediten no centro en que se lles suprimiu o posto. Este mesmo criterio aplicarase aos que se encontren prestando servizos no primeiro destino definitivo despois de perdelo por cumprimento de sentenza, resolución de recurso ou por procederen da situación de excedencia forzosa.

Décimo primeira.-Comisións avaliadoras.

1. Para a valoración dos méritos previstos nas alíneas g.1.5. e g.1.6., alegados polos concursantes, constituirase unha ou máis comisións, designadas para o efecto polo secretario xeral, á cal poderá asistir un representante das organizacións sindicais acreditadas na Mesa Sectorial Docente non Universitaria, con voz e sen voto.

2. A asignación da puntuación que lles corresponda aos concursantes polas restantes alíneas do baremo de méritos, levarase a cabo por una comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Estas comisións estarán clasificadas na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo segunda.-Resolucións dos empates.

No caso que se producisen empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo, sucesivamente, á maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo conforme a orde en que aparecen nel. Se persistir o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas alíneas pola orde en que aparecen no baremo. De ser necesario, utilizarase como derradeiro criterio de desempate o ano da convocatoria de ingreso e, dentro deste, a maior puntuación obtida no proceso selectivo.

Décimo terceira.-Vacantes.

As vacantes provisórias do concurso publicaranse antes ou o mesmo día en que se inicia o prazo de solicitudes e as vacantes definitivas antes da resolución definitiva do concurso, no *Diario Oficial de Galicia*.

Ao abeiro da presente orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade, os que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as que se produzan ata o 31 de decembro de 2006, as que resulten da resolución do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación dos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, es as que resulten de todas as convocatorias previstas nesta orde, así como as que orixinase, no ámbito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a resolución dos concursos convocados polo Ministerio de Educación e Ciencia e os restantes departamentos das administracións educativas que se encontran en pleno exercicio de competencia en materia educativa. Todas elas sempre que se correspondan con prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

Décimo cuarta.-Publicación de localidades e centros.

Co fin de que os participantes nestas convocatorias poidan realizar as súas peticións, xunto á presente orde publícanse a relación de localidades e centros existentes nas diferentes zonas educativas comprendidas no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo II). Para os efectos de concurso de traslados unicamente son válidos os códigos de centro, localidade e zona que constan no dito anexo.

Décimo quinta.-Solicitudes.

1. A solicitude poderase efectuar a través da internet. En caso de usar a páxina web imprimírase a

petición e deberá presentarse no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, nas secretarías dos centros docentes ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Debe terse en conta que as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas en que se pode presentar documentos dirixidos a calquera organismo público, conforme o establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do establecido anteriormente, os mestres que non utilicen a páxina web poderán descargar o modelo no servizo web <http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>, e poden tamén facer a súa solicitude no modelo oficial que estará nas delegacións provinciais presentándose por duplicado orixinal e fotocopia nos lugares antes citados. A fotocopia, unha vez selada, quedará en posesión do concursante.

3. A instancia dirixírase ao secretario xeral.

Décimo sexta.-Número de peticións.

O número de peticións que cada participante pode incluír na súa solicitude, concorran por unha ou varias convocatorias, non poderá exceder de 300.

Décimo sétima.-Forma de realizar as peticións.

1. As peticións, coa limitación de número anteriormente sinalado, poderán estenderse á totalidade de especialidades acreditadas e centros, por se, previamente á resolución das convocatorias ou en calquera momento do desenvolvemento delas e dado que se incrementan resultas, se producir a vacante da súa preferencia.

2. As peticións poderán facerse a centro concreto ou localidade, sendo compatibles ambas as modalidades. Os participantes por dereito preferente se voluntariamente solicitan zona, deberán consignar códigos das localidades da zona, non sendo válidos neste suposto códigos de centro. Nese último caso adxudicárase o primeiro centro da localidade con vacante ou resulta, na mesma orde en que aparecen anunciados no anexo II. Se os postos de traballo corresponden a educación infantil, educación primaria, ciencias sociais-xeografía e historia e da área de ciencias naturais e matemáticas do primeiro e segundo curso da ESO no cadro correspondente a vernáculo farase constar esta circunstancia poñendo un X.

3. Nas instancias relacionarase, por orde de preferencia, os postos que se solicitan, expresando coa maior claridade os conceptos exactos que no impreso da instancia se consignan.

Calquera dato omitido ou consignado erroneamente polo interesado non poderá ser invocado por este para os efectos de futuras reclamacións, nin considerar por tal motivo lesionados os seus intereses e dereitos.

Décimo oitava.-Imposibilidade de alterar as peticións.

Unha vez entregada a instancia, por ningún concepto se alterará a petición, nin aínda cando se trate da orde de prelación dos postos solicitados. Exclúense destas normas os participantes de dereito preferente a zona, que poderán ser requiridos, de ser o caso, para as rectificacións a que haxa lugar. Cando os códigos resulten ilexibles, estean incompletos ou non se coloquen no cadro correspondente, considéranse non incluídos na petición, perdendo todo dereito en relación con eles os concursantes.

Décimo novena.-Documentación.

A instancia irá acompañada de:

1. Copia compulsada da certificación de habilitación expedida polo delegado provincial correspondente, no caso de tela adquirido con posterioridade á última participación no concurso xeral de traslados.

Os que con posterioridade aos prazos sinalados na Orde do 8 de marzo de 1991, DOG do 24, sobre habilitación do profesorado, cumpriron algún dos requisitos específicos que para o desempeño de determinados postos exige o artigo 17 do Real decreto 895/1989, se participan en calquera destas convocatorias, poderán acreditar tal circunstancia na forma prevista nas normas comúns ás convocatorias.

2. Documentación acreditativa dos cursos realizados ou impartidos, titulacións académicas distintas ás alegadas para o ingreso no corpo, desempeño de cargos directivos, servizos en postos de traballo na Administración educativa, publicacións e, por último, titulacións de ensinanza de réxime especial.

No que se refire aos cursos de perfeccionamento ten que constar, inescusablemente, o número de horas de duración do curso ou cursos. Aqueles nos cales non se fixese mención de tal circunstancia, non se computarán, agás nos cursos de lingua galega e outros nos cales conste a súa duración na convocatoria publicada no *Diario Oficial de Galicia*, que se valorarán conforme esta, aínda que no certificado non conste a súa duración.

Para que sexan puntuadas as titulacións de primeiro ciclo, será necesario presentar fotocopia do título de diplomado ou, se é o caso, certificación académica persoal na que se faga constar que se cursaron e aprobaron todas as disciplinas correspondentes aos tres primeiros cursos de que consta unha licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, non entendéndose como titulación de primeiro ciclo a superación do curso de adaptación.

A presentación da fotocopia compulsada do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto dará lugar, exclusivamente, ao recoñecemento da puntuación correspondente ao segundo ciclo.

Para a valoración da titulación de segundo ciclo é requisito imprescindible xuntar fotocopia compulsada ou cotexada do título de mestre.

A compulsa de documentos xustificativos de méritos, e calquera outro que o concursante incorpore á súa instancia, poderá efectuarse nos centros de educación infantil/primaria, centros públicos integrados e centros de secundaria, compulsa que asinará o director ou secretario do centro, sen prexuízo de que poida realizarse nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

Non será necesario xustificar aqueles méritos recoñecidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na súa proposta de baremo na súa páxina web.

Vixésima.-Prazo de solicitude.

O prazo de presentación de instancias para todas as convocatorias será do 8 de novembro ao 24 de novembro ambos incluídos.

Vixésimo primeira.-Data en que deben reunirse os requisitos de participación.

Todas as condicións que se exixen nestas convocatorias e os méritos que aleguen os participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, excepto o requisito de dous anos de permanencia no destino definitivo desde o cal se solicita, que se contabilizarán a 31 de agosto do 2007.

Non obstante, a folia de servizos, para efectos de determinar a puntuación dos concursantes, pecharase o día 16 de novembro de 2006.

Vixésimo segunda.-Méritos non xustificados.

Non serán tidos en conta os méritos non invocados nas solicitudes, nin tampouco aqueles que non se xustifiquen documentalmente durante o prazo de presentación.

Vixésimo terceira.-Anulación de destino.

Poderá ser anulado o destino obtido por calquera concursante que non se axuste ás normas da convocatoria.

Vixésimo cuarta.-Habilitación.

É requisito imprescindible en calquera das convocatorias, para solicitar un posto determinado, estar habilitado para o seu desempeño.

Vixésimo quinta.-Acreditación da habilitación.

Aqueles mestres que con posterioridade á finalización dos prazos previstos na Orde do 8 de maio de 1991 (DOG do 24 de maio), superaron cursos de especialización convocados polo Ministerio de Educación e Cultura ou polas comunidades autónomas con competencias en materia de educación e que habilitan para o desempeño de determinados postos, de participaren nas presentes convocatorias, poderán solicitar a habilitación correspondente, xuntando ao resto da documentación a instancia solicitude segundo modelo anexo I da Orde do 8 de maio de 1991, (DOG do 24 de maio), e certificado acreditativo de ter superado o curso ou cursos correspondentes, no cal conste, á parte dos extremos que

se considere necesarios, a área ou especialidade del e a data de convocatoria.

Así mesmo, aqueles mestres que, con posterioridade aos indicados prazos e por teren rematado os estudos correspondentes, estiveren en condicións de obter algún dos títulos ou diplomas que para o desempeño de determinados postos exige o artigo 17 do Real decreto 895/1989 e a nova redacción dada polo Real decreto 1664/1991 e pretendesen facelo valer nas presentes convocatorias, poderán solicitar a habilitación correspondente, xuntando certificación académica na cal se faga constar a finalización dos estudos, que xuntarán ao resto da documentación de participación.

Vixésimo sexta.-Toma de posesión.

1. Os mestres que concorran ao concurso desde a situación de excedencia, no caso de obtiren destino, virán obrigados a presentar na delegación da provincia onde radique o destino obtido e antes da toma de posesión, os documentos que se sinalan a seguir e que o citado organismo terá que examinar co fin de prestar a súa conformidade e autorizalos para facerse cargo do destino alcanzado. Os documentos que se presentarán son os seguintes: copia da orde de excedencia e declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, institucional ou local, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

2. Aqueles mestres que non logren xustificar os requisitos exixidos para o reingreso, non poderán tomar posesión do destino obtido no concurso, quedando a citada praza como vacante para a súa provisión segundo corresponda.

3. Os que participen nestas convocatorias e soliciten e obteñan a excedencia no transcurso da súa resolución ou cesen no servizo activo por calquera outra causa, consideraranse como cesantes na praza que lles corresponda, quedando esta como vacante para a súa provisión segundo corresponda.

4. Os mestres que obteñan praza nestas convocatorias e durante a súa tramitación permutasen os seus destinos, estarán obrigados a servir o posto para o cal foron nomeados, anulándose a permuta que fose concedida.

Vixésimo sétima.-Tramitación.

1. As delegacións provinciais remitirán á Secretaría Xeral as solicitudes de participación presentadas polos mestres.

2. Se a solicitude non reunir os datos que sinala o artigo 71 da Lei 30/1992, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días repare a falta ou xunte os documentos preceptivos, con apercibimento de que, se así non o fixer, se arquivará sen máis trámite.

3. Exclúense desta norma os datos referidos a códigos de zona, localidade, centro e especialidades que, en ningún caso, poden ser alterados, agás o previsto na base oitava da convocatoria terceira.

Vixésimo oitava.-Novas habilitacións.

Con respecto ás peticións daqueles mestres que cumpren algún dos requisitos específicos do artigo 17, con posterioridade á finalización dos prazos previstos na Orde do 8 de maio de 1991, DOG do 24 de maio, as delegacións provinciais constituirán unha comisión coa composición sinalada no punto 8º da dita orde para os efectos de analizar a documentación presentada e propoñer, se é o caso, ao delegado provincial a expedición da oportuna certificación de habilitación. En tal caso darase trámite á petición para o concurso polo que respecta ás nova/s especialidade/s recoñecida/s.

Vixésimo novena.-Publicacións de relación de participantes.

1. A Secretaría Xeral, unha vez realizados os trámites oportunos, exporá nos taboleiros de anuncios das delegacións provinciais e da Consellería de Educación e Ordenación Educativa, as seguintes relacións.

a) Relación de participantes na convocatoria de mobilidade dos mestres no centro, ordenados alfabeticamente por localidades e dentro de cada unha destas por centros. Os solicitantes de cada centro ordenaranse, así mesmo, polo suposto de participación. Nesta relación exprésarase a antigüidade do mestre como definitivo no centro, para os nefectos de concurso, os anos de servizo como funcionario de carreira, ano de ingreso no corpo e número de lista.

b) Relación dos participantes na convocatoria para o exercicio do dereito preferente, ordenados por grupos segundo a prioridade sinalada na norma primeira, en concordancia coa sétima, da base da dita convocatoria.

Nesta relación farase mención expresa da puntuación que segundo o baremo corresponde a cada un dos participantes.

c) Relación dos participantes no concurso, número 6, con expresión da puntuación que lles corresponde por cada unha das alíneas e sublíneas do baremo.

d) Relación, de ser o caso, de peticións que foron rexeitadas.

A Secretaría Xeral dará un prazo de dez días naturais para reclamacións.

2. Rematado o citado prazo, a Secretaría Xeral exporá no taboleiro de anuncios as rectificacións que procedan.

3. As delegacións provinciais remitirán relación dos mestres que, estando obrigados a participar no concurso, non o fixesen. Destes mestres formularán impreso de solicitude para cada un, consignando todos os datos que se sinalan para os que presentaron solicitude, sen consignar peticións na alínea b) da instancia e cuberta a alínea c) dela priorizando a provincia en que está destinado e seguindo coa orde alfabética das restantes, empezando pola primeira.

Igualmente cubrirán o espazo de especialidades priorizándoas tal e como constan na correspondente certificación de habilitación.

Trixésima.-Adxudicación de destinos.

1. A Secretaría Xeral resolverá cantas dúbidas se susciten no cumprimento do que por estas convocatorias se dispón: adxudicará provisoriamente os destinos, concederá prazo para reclamacións e desistencias e, por último, elevaranse a definitivos os nomeamentos, resolvéndose aqueles pola mesma resolución que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados, para todos os efectos, os concursantes a quen afecten. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Univesitaria no prazo dun mes contado desde a súa publicación.

Os recursos contra a resolución definitiva do concurso, con independencia da Administración educativa a través da cal se tiver participado, deberán dirixirse e resolverse pola Administración educativa a que pertenza a praza obxecto do recurso.

2. A renuncia á participación no concurso deberá formularse nos prazos establecidos para tal fin na resolución provisoria, entendéndose esta como baixa total na/s convocatoria/s de participación.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizala aínda no suposto de non obter destino na resolución provisoria, xa que de non facelo poderían obter destino na resolución definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o funcionario docente desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde que se produciu a perda de destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade.

3. Os destinos adxudicados na resolución definitiva son irrenunciabiles.

Trixésimo primeira.-Toma de posesión.

A toma de posesión do novo destino terá lugar o día 1 de setembro de 2007, cesando no de procedencia o último día de agosto do mesmo ano.

Non obstante, os mestres que estean impartindo o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria e obteñan destino neste concurso deberán permanecer nos seus centros de orixe realizando as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso, e dicir, os exames e avaliación de setembro.

Trixésimo segunda.-Recursos.

Contra esta orde poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e forma establecidos na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Trixésimo terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Baremo

	Documentación xustificativa
A) Tempo de permanencia ininterrompida como funcionario de carreira con destino definitivo no centro desde o cal participa. Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 1 punto por ano. Polo cuarto ano: 2 puntos. Polo quinto ano: 3 puntos. Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 4 puntos por ano. Polo décimo primeiro e seguintes: 2 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse da seguinte maneira: Fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo. Fracción inferior a 6 meses, non se computa. Para os mestres con destino definitivo nun posto de traballo docente de carácter singular, a puntuación desta alínea virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida no posto desde o cal solicita. Para os mestres en adscrición temporal a centros públicos españois no estranxeiro, á función de inspección educativa ou en supostos análogos, a puntuación desta alínea virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na dita adscrición.	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo, a delegación provincial certificará de oficio estes servizos.
B) Tempo de permanencia ininterrompida con destino definitivo en centro ou posto singular desde o cal se solicita cando fosen catalogados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente. Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 0,50 puntos por ano. Polo cuarto ano: 1 punto. Polo quinto ano: 1,50 puntos. Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 2 puntos por ano. Polo décimo primeiro e seguintes: 1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse do seguinte xeito: Fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo. Fracción inferior a 6 meses, non se computa. Non se computarán para estes efectos o tempo que se permaneceu fóra do centro en situación de servizos especiais, comisión de servizos, licenza por estudos ou situacións análogas. Nos casos de supresión da praza, ou perda dela mesa por cumprimento da sentenza ou recurso, ou por provir da situación da excedencia forzosa, aplicaranse os mesmos criterios sinalados para estes supostos na alínea A).	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo, a delegación provincial certificará de oficio estes servizos.
C) Tempo transcorrido en situación de provisoriedade polos funcionarios de carreira que nunca obtiveron destino definitivo. 1 punto por ano de servizos ata que obteñan a propiedade definitiva. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo. Os servizos desta clase prestados en centros ou postos clasificados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente, darán dereito, ademais, á puntuación establecida na alínea B).	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia da que dependen. En caso contrario a delegación correspondente certificará de oficio estes servizos.
D) Anos de servizo activo como funcionarios de carreira no corpo de mestres. 1 punto por cada ano de servizo. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino. En caso contrario, a delegación correspondente certificará de oficio estes servizos.
E) Cursos de perfeccionamento organizados polas administracións públicas educativas competentes e, se é o caso, as homologacións ou equivalencias que procedan. E.1. Cursos impartidos: por participar, en calidade de relator, profesor ou dirixir, coordinar ou titorar cursos de formación permanente (entendidos nas súas distintas modalidades: grupos de traballo, seminarios, grupos de formación en centros, cursiños, etc.) convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades. 0,10 puntos por cada 10 horas acreditadas, ata un máximo de 1 punto.	Copia compulsada do documento acreditativo.

	Documentación xustificativa
E.2. Cursos superados: pola asistencia a cursos de formación do profesorado (entendidos como se sinala no punto anterior), convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro e que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades. 0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados, ata un máximo de 2 puntos. Por estas subalíneas só se tomarán en consideración os cursos que versen sobre especialidades propias do corpo de mestres ou sobre aspectos científicos, didácticos ou de organización relacionados con actividades propias deste. Cando os cursos veñan expresados en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	Copia compulsada do documento acreditativo.
E.3. Por cada especialidade do corpo de mestres distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento previsto no Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, de adquisición de novas especialidades: 0,50 puntos por cada nova especialidade. Por esta alínea E) pódese outorgar ata un máximo de 3,50 puntos.	Fotocopia compulsada da credencial da nova especialidade.
F) Titulacións académicas distintas ás alegadas para o ingreso no corpo de mestres. F.1. Por posuír o título de doutor: 2,50 puntos. F.2. Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,50 puntos. F.3. Titulacións de primeiro ciclo: por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ou polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,50 puntos. Por esta alínea F) pódese outorgar ata un máximo de 3 puntos. Unicamente se terán en conta, para os efectos da súa valoración, os títulos con validez oficial no Estado español. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgun dos cursos de adaptación.	Copia compulsada do título ou certificacións académicas cando se trate de cursos superados. Para obter puntuación polas titulacións universitarias de carácter oficial, haberá que presentar fotocopia compulsada do título de mestre alegado para o ingreso no corpo e cantos outros presente como mérito.
G) Outros méritos. G.1. Valoración do traballo desempeñado. Publicacións. Titulacións de réxime especial. Polas subalíneas g1.1., g1.2, g1.3 e g1.4 só se valorará o desempeño como funcionarios de carreira.	Ata un máximo de 10 puntos.
G.1.1. Director/a en centros públicos docentes, centros de formación continuada do profesorado, centros de recursos ou institucións análogas: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os cales foi nomeado, aínda que non conste data de cesamento.
G.1.2. Vicedirector/subdirector, secretario/a e xefe/a de estudos en centros públicos docentes: 1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os cales foi nomeado, aínda que non conste data de cesamento.
G.1.3. Coordinador/a de ciclo ou asesor/a de formación permanente ou figuras análogas. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,041 puntos por cada mes completo. Por estes tres subalíneas só se valorarán os cargos desempeñados como funcionario de carreira. Cando se produza o desempeño simultáneo de cargos non poderá acumularse a puntuación.	Certificación expedida polo director do centro co visto e prace do inspector de Educación da zona, agás no caso dos asesores nas estruturas de formación permanente, e no SIEGA e como responsable en centros de menos de tres unidades que deberán presentar nomeamento expedido pola delegación provincial correspondente ou órgano de que dependan.

	Documentación xustificativa
G.1.4. Por desempeño de postos de traballo na Administración educativa de nivel de complemento igual ou superior ao asignado ao corpo de mestres: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento.
G.1.5. Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionados con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar. Ata 1 punto. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarase un informe oficial no cal, o organismo emisor, certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.	Exemplares orixinais con ISBN.
G.1.6. Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso. Ata 1 punto. Unha publicación só poderá puntuarse por unha das subalíneas anteriores. Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas. Enténdense incluídas as publicacións en revistas e en soportes informáticos. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarase un informe oficial no cal, o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.	Exemplares orixinais con ISBN.
G.1.7. Titulacións de ensinanzas de réxime especial. As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas por escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música e danza valoraranse da forma seguinte: Música e danza: Grao medio: 0,50 puntos. Ensinanza de idiomas: Ciclo elemental: 0,50 puntos. Ciclo superior: 0,50 puntos. A posesión do certificado de aptitude da Escola Oficial de Idiomas engloba os dous ciclos.	Fotocopia compulsada de cantos títulos sexan alegados ou certificación acreditativa de ter feitos os estudos conducentes á súa obtención.
G.2. Exclusivamente para prazas situadas en Navarra, no País Vasco e na Comunitat Valenciana. As convocatorias específicas correspondientes a prazas situadas en Navarra, no País Vasco e na Comunidade Autónoma Valenciana poderán outorgar ata un máximo de 5 puntos aos méritos que nelas se determinen en función das peculiaridades lingüísticas a que se refire a alínea g) do anexo I do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro (BOE do 6 de outubro).	Máximo 5 puntos

Disposición complementaria.

G.1.3. Considéranse figuras análogas:

Xefe de seminario/departamento, coordinador/a de departamento, de equipo de normalización lingüística, de actividades extraescolares e complementarias, asesor nas estruturas de formación permanente, asesor no SIEGA ou responsable de centros de menos de 3 unidades: 0,50 puntos por ano.

ANEXO II

Relación de centros, localidades e zonas de concurso

A CORUÑA

Nº	ZONA		LOCALIDADE		CONCELLO	CENTRO	
	CÓDIGO	ZONA	CÓDIGO	LOCALIDADE		CÓDIGO	CENTRO
1	150010	ABEGONDO	150010100	ABEGONDO	ABEGONDO	15000016	CEIP SAN MARCOS
2	150010	ABEGONDO	150011100	MABEGONDO	ABEGONDO	15000041	EEI DE MABEGONDO
3	150010	ABEGONDO	150011800	VIÓS	ABEGONDO	15027125	IES DE VIÓS
4	150022	AMES	150020100	AGRÓN	AMES	15020647	EEI DE SAN LOURENZO
5	150022	AMES	150020300	AMES	AMES	15026637	CEIP DE BAROUTA
6	150022	AMES	150220726	BIDUÍDO	AMES	15025220	CEIP DE VENTÍN
7	150022	AMES	150020400	BUGALLIDO	AMES	15019724	EEI DE GUIMARÁNS
8	150022	AMES	150020503	COVAS	AMES	15020659	EEI DE COVAS
9	150022	AMES	150020700	ORTOÑO	AMES	15000107	CEIP BISPO GUERRA CAMPOS
10	150022	AMES	150020700	ORTOÑO	AMES	15019542	EEI DA IGREXA
11	150022	AMES	150020700	ORTOÑO	AMES	15027721	IES DE AMES

Nº	ZONA		LOCALIDADE		CONCELLO	CENTRO	
	CÓDIGO	ZONA	CÓDIGO	LOCALIDADE		CÓDIGO	CENTRO
12	150022	AMES	150020309	OUTEIRO	AMES	15000090	E EI DE OUTEIRO
13	150034	ARES	150040101	ARES	ARES	15000338	CPI CONDE DE FENOSA
14	150034	ARES	150040200	CAAMOUCO	ARES	15000341	E EI DE REDES CAAMOUCO
15	150046	ARTEIXO	150050100	ARMENTÓN	ARTEIXO	15020672	E EI DE RORÍS
16	150046	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	ARTEIXO	15000363	CEIP PONTE DOS BROZOS
17	150046	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	ARTEIXO	15032145	IES DE PASTORIZA
18	150046	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	ARTEIXO	15023302	IES MANUEL MURGÚA
19	150046	ARTEIXO	150050600	LARÍN	ARTEIXO	15020714	E EI DE LARÍN DE ARRIBA
20	150046	ARTEIXO	150051109	MEICENDE	ARTEIXO	15000569	CEIP SAN XOSÉ OBREIRO
21	150046	ARTEIXO	150051000	OSEIRO	ARTEIXO	15023041	CEIP DE GALÁN
22	150046	ARTEIXO	150051000	OSEIRO	ARTEIXO	15032376	E EI DE VILARRODIS-OSEIRO
23	150046	ARTEIXO	150051100	PASTORIZA	ARTEIXO	15020933	E EI DE BARRIONOVO
24	150046	ARTEIXO	150051200	SORRIZO	ARTEIXO	15020775	E EI DA LAGOA
25	150058	ARZUA	150060201	ARZÚA	ARZÚA	15000612	CEIP DE ARZÚA
26	150058	ARZUA	150060201	ARZÚA	ARZÚA	15027733	IES DE ARZÚA
27	150060	BAÑA, A	150070903	LAÑAS	BAÑA, A	15000843	E EI DE LAÑAS
28	150060	BAÑA A	150070111	SAN VICENTE	BAÑA, A	15019301	CPI DE SAN VICENTE
29	150071	BERGONDO	150080200	BERGONDO	BERGONDO	15001070	CPI DE CRUZ DO SAR
30	150071	BERGONDO	150080200	BERGONDO	BERGONDO	15032561	CRA DE BERGONDO
31	150083	BETANZOS	150640100	ADRAGONTE	PADERNE	15024045	E EI DE AREAS
32	150083	BETANZOS	150090001	BETANZOS	BETANZOS	15001124	CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN
33	150083	BETANZOS	150090001	BETANZOS	BETANZOS	15001148	IES AS MARIÑAS
34	150083	BETANZOS	150090001	BETANZOS	BETANZOS	15001136	IES FRANCISCO AGUIAR
35	150083	BETANZOS	150260300	BRAGADE	CESURAS	15021780	CEIP BRAGADE
36	150083	BETANZOS	150270200	COIRÓS	COIRÓS	15022152	E EI DE COIRÓS DE ARRIBA
37	150083	BETANZOS	150910100	DOROÑA	VILARMAIOR	15018756	CEIP DE DOROÑA
38	150083	BETANZOS	150270600	OÍS	COIRÓS	15024215	E EI DE FONTELO
39	150083	BETANZOS	150630506	OZA	OZA DOS RÍOS	15012420	CEIP DE OZA DOS RÍOS
40	150083	BETANZOS	150640508	SOUTO	PADERNE	15024744	E EI DE SOUTO
41	150083	BETANZOS	150191210	TORRES	VILARMAIOR	15018801	CEIP DE TORRES
42	150083	BETANZOS	150030610	VILARRASO	ARANCA	15021779	CEIP DA CASTELLANA
43	150083	BETANZOS	150640902	VIÑAS	PADERNE	15021603	E EI DE VIÑAS
44	150095	BOIMORTO	150100505	GÁNDARA	BOIMORTO	15001239	CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR
45	150095	BOIMORTO	150800800	PORTA	SOBRADO	15016784	CEIP VIRXE DO PORTAL
46	150101	BOIRO	150110101	ABANQUEIRO	BOIRO	15001367	CEIP DE ABANQUEIRO
47	150101	BOIRO	150110101	ABANQUEIRO	BOIRO	15001380	E EI DE SALTÍÑO
48	150101	BOIRO	150110203	BEALO	BOIRO	15001410	CEIP DE BEALO
49	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15022085	CEIP DE PAZOS-COMOXO
50	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15001471	CEIP PRAIA XARDÍN
51	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15021500	CEIP SANTA BAIÁ
52	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15027851	IES A CACHADA
53	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15026698	IES ESPÍNEIRA
54	150101	BOIRO	150110303	BOIRO	BOIRO	15023338	IES PRAIA BARRAÑA
55	150101	BOIRO	150110407	CABO DE CRUZ	BOIRO	15023341	CEIP SANTA MARÍA DO CASTRO
56	150101	BOIRO	150110500	CESPÓN	BOIRO	15001549	CEIP DE FERREIROS-CESPÓN
57	150101	BOIRO	150110500	CESPÓN	BOIRO	15001586	CEIP DE VILARIÑO
58	150101	BOIRO	150110500	CESPÓN	BOIRO	15027149	CEIP DE CESPÓN
59	150101	BOIRO	150110500	CESPÓN	BOIRO	15001574	E EI DE SAR - CAMPO SAN ROQUE
60	150101	BOIRO	150110700	LAMPÓN	BOIRO	15001616	CEIP DE ESCARABOTE
61	150113	BOQUEIXÓN	150120100	BOQUEIXÓN	BOQUEIXÓN	15001665	CPI ANTONIO ORZA COUTO
62	150113	BOQUEIXÓN	150120800	LESTEDO	BOQUEIXÓN	15032571	CRA DE BOQUEIXÓN-VEDRA
63	150125	BRIÓN	150130103	ÁNXELES, OS	BRIÓN	15001744	E EI DOS ÁNXELES
64	150125	BRIÓN	150130300	BASTAVALES	BRIÓN	15001811	E EI DE SABAXÁNS
65	150125	BRIÓN	150130500	BRIÓN	BRIÓN	15001847	CEIP DE PEDROUZOS
66	150125	BRIÓN	150130700	LUAÑA	BRIÓN	15019554	E EI DA IGREXA
67	150125	BRIÓN	150130900	VICESO	BRIÓN	15026352	IES DE ESPARÍS
68	150137	CABANA DE BERGANTIÑOS	150140100	ANOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	15032212	CRA OS REMUIÑOS
69	150137	CABANA DE BERGANTIÑOS	150140307	REVOLTAS, AS	CABANA DE BERGANTIÑOS	15001926	CPI AS REVOLTAS
70	150149	CAMARIÑAS	150160100	CAMARIÑAS	CAMARIÑAS	15002050	CEIP O AREAL
71	150149	CAMARIÑAS	150160202	CAMELLE	CAMARIÑAS	15002062	CEIP DE CAMELLE
72	150149	CAMARIÑAS	150160405	PONTE DO PORTO	CAMARIÑAS	15002086	CEIP DE PONTE DO PORTO
73	150149	CAMARIÑAS	150160405	PONTE DO PORTO	CAMARIÑAS	15027861	IES PEDRA DA AGUIA
74	150149	CAMARIÑAS	150160307	XAVIÑA	CAMARIÑAS	15002074	E EI DE XAVIÑA
75	150150	CAMBRE	150170302	BREXO	CAMBRE	15025554	CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ
76	150150	CAMBRE	150170400	BRIBES	CAMBRE	15002141	E EI DE BRIBES
77	150150	CAMBRE	150170501	CAMBRE	CAMBRE	15002165	CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
78	150150	CAMBRE	150170501	CAMBRE	CAMBRE	15027873	IES AFONSO X O SABIO
79	150150	CAMBRE	150170600	CECEBRE	CAMBRE	15023582	E EI DE APEADEIRO
80	150150	CAMBRE	150170900	PRAVIO	CAMBRE	15019608	E EI DE SAN BARTOLOMEU
81	150150	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	CAMBRE	15023065	CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER
82	150150	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	CAMBRE	15020520	E EI DE AIÁN
83	150150	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	CAMBRE	15026704	IES DAVID BUJÁN
84	150150	CAMBRE	150171103	TEMPLE, O	CAMBRE	15032426	CEIP DO GRAXAL II
85	150150	CAMBRE	150171103	TEMPLE, O	CAMBRE	15023053	CEIP PORTO FARO
86	150150	CAMBRE	150171200	VIGO	CAMBRE	15024586	E EI DA FONTE MOURA

Nº	ZONA		LOCALIDADE		CONCELLO	CENTRO	
	CÓDIGO	ZONA	CÓDIGO	LOCALIDADE		CÓDIGO	CENTRO
87	150162	CARBALLO	150190200	ARDAÑA	CARBALLO	15024598	EEI DE GONTADE
88	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15021524	CEIP A CRISTINA
89	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15021354	CEIP BERGANTIÑOS
90	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15002578	CEIP FOGAR
91	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15027393	CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO
92	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15032251	CRA PONTE DA PEDRA
93	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15002581	IES ALFREDO BRAÑAS
94	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15027307	IES ISIDRO PARCA PONDAL
95	150162	CARBALLO	150190703	CARBALLO	CARBALLO	15002591	IES MONTE NEME
96	150162	CARBALLO	150190800	ENTRECUCES	CARBALLO	15025232	EEI DE TABOADA
97	150162	CARBALLO	150191200	OZA	CARBALLO	15002645	EEI DE ENCRUCILLADAS
98	150162	CARBALLO	150191300	RAZO	CARBALLO	15024896	CEIP DE NÉTOMA-RAZO
99	150162	CARBALLO	150191700	SOFÁN	CARBALLO	15023077	CEIP DE GÁNDARA-SOFÁN
100	150162	CARBALLO	150191700	SOFÁN	CARBALLO	15002712	EEI DE PRAZA-SOFÁN
101	150162	CARBALLO	150191804	VILELA	CARBALLO	15024604	EEI DE VILELA
102	150174	CARIÑO	150610201	CARIÑO	CARIÑO	15011661	CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
103	150174	CARIÑO	150610201	CARIÑO	CARIÑO	15021755	IES CABO ORTEGAL
104	150186	CARNOTA	150200201	CARNOTA	CARNOTA	15002761	CEIP DE CARNOTA
105	150186	CARNOTA	150200201	CARNOTA	CARNOTA	15022115	EEI DO VISO
106	150186	CARNOTA	150200201	CARNOTA	CARNOTA	15027885	IES LAMAS DE CASTELO
107	150186	CARNOTA	150200403	LIRA	CARNOTA	15022723	EEI DE PORTOCUBELO
108	150186	CARNOTA	150200120	PINDO, O	CARNOTA	15002852	CEIP DO PINDO
109	150198	CARRAL	150210710	BEIRA	CARRAL	15003029	CEIP DE HERVES
110	150198	CARRAL	150210206	CARRAL	CARRAL	15003005	CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL
111	150198	CARRAL	150210613	TABEAO	CARRAL	15003017	CEIP DE TABEAO
112	150204	CEDEIRA	150250107	BARQUEIRA, A	CERDIDO	15003534	CEIP DA BARQUEIRA
113	150204	CEDEIRA	150220104	CEDEIRA	CEDEIRA	15003054	CEIP NICOLÁS DEL RÍO
114	150204	CEDEIRA	150220104	CEDEIRA	CEDEIRA	15026376	IES PUNTA CANDIEIRA
115	150216	CEE	150230100	AMEIXENDA, A	CEE	15003111	EEI DE AMEIXENDA
116	150216	CEE	150340100	BERDEOGAS	DUMBRÍA	15006079	CEIP BERDEOGAS
117	150216	CEE	150230200	BRENS	CEE	15022127	CEIP DA IGREXA
118	150216	CEE	150230300	CEE	CEE	15003212	IES AGRA DE RAÍCES
119	150216	CEE	150230300	CEE	CEE	15003224	IES FERNANDO BLANCO
120	150216	CEE	150280101	CORCUBIÓN	CORCUBIÓN	15003789	CEIP PRAIA DE QUENXE
121	150216	CEE	150340307	DUMBRÍA	DUMBRÍA	15021810	CEIP SANTA EULALIA DE DUMBRÍA
122	150216	CEE	150230302	ESCABANAS	CEE	15003248	CEIP EUGENIO LÓPEZ
123	150216	CEE	150340403	ÉZARO	DUMBRÍA	15006158	CEIP DE ÉZARO
124	150216	CEE	150340500	OLVEIRA	DUMBRÍA	15022760	EEI DE REGOELLE
125	150216	CEE	150230500	PEREIRIÑA, A	CEE	15022139	EEI DA PEREIRIÑA
126	150228	CERCEDA	150240100	CERCEDA	CERCEDA	15003376	CPI O CRUCE
127	150228	CERCEDA	150240400	MEIRAMA	CERCEDA	15022140	EEI DE MEIRAMA
128	150228	CERCEDA	150240500	QUEIXAS	CERCEDA	15021032	CEIP DE CALVARIO
129	150228	CERCEDA	150240625	RODÍS	CERCEDA	15020970	CEIP CELSO EMILIO FERREIRO
130	150230	CORISTANCO	150290100	AGUALADA	CORISTANCO	15003807	CEIP DE BORMOIO-AGUALADA
131	150230	CORISTANCO	150290400	CORISTANCO	CORISTANCO	15026480	CRA NOVO MENCER
132	150230	CORISTANCO	150297000	ERBECEDO	CORISTANCO	15002670	CEIP CANOSA-RUS
133	150230	CORISTANCO	150291007	OCA	CORISTANCO	15019414	EEI DE OCA
134	150230	CORISTANCO	150291309	SAN ROQUE	CORISTANCO	15003881	CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL
135	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005336	CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO
136	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005385	CEE SANTIAGO APÓSTOLO
137	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15019323	CEIP ALBORADA
138	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15004745	CEIP ANXO DA GUARDA
139	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15004964	CEIP CONCEPCIÓN ARENAL
140	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15004976	CEIP CURROS ENRÍQUEZ
141	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005038	CEIP DE PRÁCTICAS
142	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15021627	CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
143	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15004988	CEIP EUSEBIO DA GUARDA
144	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15023375	CEIP JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA
145	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15027241	CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
146	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15020568	CEIP LABACA
147	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15019311	CEIP MARÍA BARBEITO E CERVINO
148	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005518	CEIP MARÍA PITA
149	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15004991	CEIP MONTEL TOUZET
150	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005521	CEIP RAMÓN DE LA SAGRA
151	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005014	CEIP RAQUEL CAMACHO
152	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005361	CEIP ROSALÍA DE CASTRO
153	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15025037	CEIP SAGRADA FAMILIA
154	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15021548	CEIP SAL LENCE
155	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15021792	CEIP SALGADO TORRES
156	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15025025	CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
157	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005701	CEIP SAN PEDRO DE VISMIA
158	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005026	CEIP SANJURJO DE CARRICARTE
159	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15021536	CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
160	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15024902	CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Nº	ZONA		LOCALIDADE		CONCELLO	CENTRO	
	CÓDIGO	ZONA	CÓDIGO	LOCALIDADE		CÓDIGO	CENTRO
161	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005166	CEP PEDRALONGA-PALAVEA
162	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15021721	EEL DE ZALAETA
163	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15027770	IES A SARDIÑEIRA
164	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15026716	IES ADORMIDERAS
165	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005233	IES AGRÁ DO ORZÁN
166	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15022607	IES ÁNHEL CASAL - MONTE ALTO
167	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005579	IES ELVIÑA
168	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005221	IES EUSEBIO DA GUARDA
169	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005397	IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ
170	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005245	IES MONTELOS
171	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15025611	IES MONTE DAS MOAS
172	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15027897	IES PASEO DAS PONTES
173	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15026421	IES RAFAEL DIESTE
174	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005257	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
175	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005002	IES RAMÓN OTERO PEDRAYO
176	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005211	IES SALVADOR DE MADARIAGA
177	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15024513	IES SOMESO
178	150241	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	CORUÑA, A	15005269	IES URBANO LUGRÍS
179	150241	CORUÑA, A	150300200	ELVIÑA	CORUÑA, A	15023363	CEIP MANUEL MURGUÍA
180	150253	CULLEREDO	150310100	ALMEIRAS	CULLEREDO	15027253	CEIP ISAAC DÍAZ PARDO
181	150253	CULLEREDO	150310100	ALMEIRAS	CULLEREDO	15032480	CRA DE CULLEREDO
182	150253	CULLEREDO	150310200	BURGO, O	CULLEREDO	15027903	IES EDUARDO BLANCO AMOR
183	150253	CULLEREDO	150310501	CULLEREDO	CULLEREDO	15027708	CEIP RIA DO BURGO
184	150253	CULLEREDO	150310501	CULLEREDO	CULLEREDO	15005828	CEP DE TARRÍO
185	150253	CULLEREDO	150310800	RUTIS	CULLEREDO	15021809	CEIP SOFÍA CASANOVA
186	150265	CURTIS	150320100	CURTIS	CURTIS	15005877	CEIP DE TEIXEIRO
187	150265	CURTIS	150320100	CURTIS	CURTIS	15022620	IES DE CURTIS
188	150265	CURTIS	150320400	LURDES	CURTIS	15005932	CEIP DE CURTIS
189	150265	CURTIS	150900500	PRÉSARAS	VILASANTAR	15020921	CEIP DE PRÉSARAS
190	150277	DODRO	150330201	BEXO	DODRO	15032492	CRA DE DODRO
191	150277	DODRO	150330311	LAÍÑO	DODRO	15023399	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN
192	150289	FENE	150350100	BARALLOBRE	FENE	15020982	CEIP O RAMO
193	150289	FENE	150350200	BARALLOBRE	FENE	15032081	IES DE FENE
194	150289	FENE	150350300	LIMODRE	FENE	15006250	EEL DE LIMODRE
195	150289	FENE	150350500	MANIÑOS	FENE	15025633	CEIP OS CASAS
196	150289	FENE	150350209	PERLÍO	FENE	15022981	CEIP DE CENTEIRAS
